

Fuente : Xunta de Galicia. 30/03/2015

Convocatoria de prazas de inclusión en campamentos de verán para persoas con discapacidade na oferta da Campaña de verán-2015.

- Orde do 13 de marzo de 2015 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán-2015 (http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150324/AnuncioCA05-170315-0010_es.pdf)

Participantes:

1. Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os/as mozos/as galegos/as residentes en Galicia, nados/as no ano sinalado para cada quenda.
2. En canto a idade mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2015 destacar o seguinte:
 - Os/as nados/as no ano 1997 non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento
 - Os/as nados/as no ano 2006 deberán ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento.
3. O incumprimento destas normas dará lugar á non admisión da solicitude
4. Ningún/ninguna participante poderá ser admitido/a en máis dun campamento por ano.

Persoas con discapacidade:

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración no grupo e as súas limitacións e/ou necesidade especiais deben permitirles manexarse nas instalacións do campamento que elixan e participar e beneficiarse das actividades que nel se van a desenvolver. As características das instalacións e a programación dos distintos campamentos, poderanse consultar na páxina web de xuventude (www.xuventude.net).

As persoas que cumpran os requisitos sinalados poderán presentar a súa solicitude optando por unha destas dúas vías (**quedarán excluídas no caso de que presenten a solicitude por ambos os dous procedementos**).

a) Polo procedemento xeral (BS303A) para solicitude individual ou BS303F) para solicitude múltiple, exclusivamente para as actividades detalladas no anexo IA.

Esta solicitude incluíranse no sorteo xeral da campaña de verán.No caso de que opten por esta vía, no formulario de solicitude deberán formalizar os datos relativos á discapacidade. De non facelo será causa de exclusión.

b) Polo procedemento das prazas reservadas para inclusión (BS303G para solicitude individual ou BS303H para a múltiple) exclusivamente

para os campamentos e quendas que se inclúen no anexo IB. Estas solicitudes incluíranse nun sorteo específico
PRAZO DE PRESENTACION: ATA O 8 DE ABRIL.

